

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16823 *Real decreto lei 35/2020, do 22 de decembro, de medidas urxentes de apoio ao sector turístico, á hostalaría e ao comercio, e en materia tributaria.*

I

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo SARS-CoV-2 a pandemia internacional.

Para facer fronte daquela á crise sanitaria no noso país, foi preciso adoptar medidas inmediatas que resultaron eficaces para poder controlar a propagación da enfermidade. Neste sentido, o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, permitiu facer fronte á situación de emerxencia sanitaria e protexer a saúde e a seguridade da cidadanía.

A crise sanitaria provocada polo SARS-CoV-2 cambiou por completo o escenario económico mundial. As medidas de distanciamento físico e limitacións á mobilidade, necesarias e efectivas para controlar a transmisión do virus, teñen un enorme impacto na actividade produtiva e no benestar da cidadanía. Estes efectos deixáronse notar tanto na oferta, con severas dificultades para as cadeas de subministracións e o peche temporal de negocios, como na demanda doméstica e externa, cunha importante repercusión sobre algúns sectores como o turismo ou o comercio, esenciais para a economía española. O peche temporal de negocios, as restricións á libre circulación ou a suspensión de actos públicos teñen un inevitable impacto sobre as empresas, que desempeñan un papel central na creación de emprego e riqueza para o conxunto do país. Nestas circunstancias, preservar o tecido produtivo e atender as dificultades transitorias das empresas é unha prioridade para superar as consecuencias desta pandemia.

Para facer fronte a esta situación, o Goberno puxo en marcha un conxunto de medidas sen precedentes desde o mes de marzo para apoiar o tecido produtivo e social, minimizar o impacto negativo e lograr soste unha base sobre a cal impulsar ao máximo a actividade económica unha vez finalizada a alarma sanitaria. Entre outros, os reais decretos leis 7/2020, do 12 de marzo, 8/2020, do 17 de marzo, 11/2020, do 31 de marzo, 15/2020, do 21 de abril, ou 25/2020, do 3 de xullo, implementaron un conxunto de medidas de apoio á liquidez, laborais e de sostemento de rendas, con especial atención aos autónomos.

Tras o proceso de desescalada e a fin da vixencia do estado de alarma, o país entrou nunha etapa de nova normalidade durante a cal os poderes públicos e as autoridades sanitarias continuaron tomando medidas dirixidas a controlar os gromos e frear os contaxios. Entre elas, o Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o Plan de resposta temperá nun escenario de control da pandemia, as declaracións de actuacións coordinadas en saúde pública acordadas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde ou as diferentes disposicións e actos adoptados polas autoridades competentes das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

Non obstante, a chegada do outono traducíuse en España, o mesmo que na maioría de países europeos, nunha tendencia ascendente no número de casos, que fixo necesaria a posta en marcha de toda unha serie de novas medidas, amparadas nunha nova declaración do estado de alarma polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

II

A cadea de valor do turismo é unha das actividades económicas máis afectadas pola actual crise sanitaria. España é líder mundial en turismo, sector que representa o 12,4 % do seu PIB e supón o 13,7 % da afiliación á Seguridade Social. Nas entradas, no período xaneiro-outubro produciuse unha caída de máis do 76 por cento respecto ao mesmo período de 2019, e o gasto turístico descendeu de forma similar, un 75,9 por cento respecto ao mesmo período do ano anterior. Estas caídas na chegada de turistas afectan profundamente o sector hoteleiro, de transporte aéreo e transporte discrecional por autobús.

Por outro lado, o comercio retalista tamén mostra signos de desgaste a raíz das consecuencias derivadas da situación sanitaria. O comercio retalista é un sector importante da economía española, non só pola dimensión, 5,2 por cento do PIB, e o emprego que xera, 10 por cento do total de ocupados da economía e o 58,2 por cento do sector do comercio, senón como compoñente de ordenación económica e social do territorio onde se leva a cabo a súa actividade: o 13,2 por cento das empresas activas en 2019 en España tiñan como actividade principal a do comercio retalista. O comercio retalista, con case 2 millóns de traballadores, é unha fonte importante de emprego feminino, con algo máis do 60 % de empregos ocupados por mulleres. Ademais, o 51 por cento das empresas de comercio retalista con soporte legal de persoa física correspondían a mulleres, fronte a un 36,7 % no conxunto da economía española.

O impacto da elevada incidencia do SARS-CoV-2 e das medidas adoptadas deixouse notar con intensidade sobre o nivel de vendas e o emprego do sector. De acordo cos índices de comercio ao retallo do Instituto Nacional de Estatística, a caída media das vendas a prezos constantes do sector entre xaneiro e setembro foi do 8,5 por cento.

Todo iso incide nun sector con alta incidencia de autónomos e micropemes e cunha función económica e social esencial. Ademais, o peche de establecementos comerciais repercute non só sobre os ingresos e emprego do propio sector, senón que ten un efecto arrastre sobre outros sectores produtivos, que son os provedores dos seus produtos.

A situación descrita e a evolución da pandemia fan necesario estender a aplicación dalgunhas das axudas aprobadas en meses anteriores, así como aprobar novas medidas encamiñadas a reforzar a actividade económica e a apoiar empresas e autónomos.

III

Ante os impactos económicos e sociais que a crise sanitaria está xerando, e desde a primeira declaración do estado de alarma por medio do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, desde o Goberno adoptáronse medidas de índole diversa en apoio dos sectores máis afectados. Algunhas das máis relevantes foron os expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE), a moratoria lexislativa de débedas hipotecarias e a liña de avais do ICO. As medidas adoptadas ata o momento demostraron ser ferramentas eficaces para manter os empregos e conter a destrución de postos de traballo.

No caso do turismo, débese sinalar, en primeiro lugar, a importancia dos ERTE. O acollemento a expedientes de regulación temporal de emprego por forza maior foi moi intenso entre as empresas que operan no sector turístico, e especialmente relevante, polo número de persoas traballadoras afectadas, en servizos de comidas e bebidas, servizos de aloxamento, actividades deportivas, recreativas e de entretemento, axencias de viaxes e operadores turísticos e transporte aéreo. Ao final de novembro de 2020, máis de 473.000 traballadores que pertencen ás actividades do turismo (incluídas axencias de viaxes), hostalaría e comercio seguen na situación de ERTE relacionado co SARS-CoV-2.

En relación coa ampliación dos ERTE dos fixos-descontinuos, considérase que na actualidade aproximadamente 200.000 están afectados por procedementos de suspensión ou redución de xornada, e 32.000 accederon á prestación extraordinaria regulada no artigo 25.6. d) do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. Da cifra anterior, no sector

turístico considérase que a medida favoreceu a contratación duns 125.000 fixos-descontinuos.

Por outro lado, para facilitarlles o acceso a liquidez ás empresas do sector, o Goberno habilitou a liña de avais COVID-19 do ICO, e ata o pasado 30 de novembro avaláronse 41.500 M€ de préstamos a máis de 256.000 empresas do sector turístico (incluídas axencias de viaxes), hostalaría e comercio, o 37 por cento do total do financiamento concedido por esta liña. Uns avais que se engaden a outros 400 millóns de euros da liña COVID instrumentada polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e executada ao cen por cento. Hoteis, restaurantes, empresas do transporte aéreo de pasaxeiros e axencias de viaxe figuran entre os seus principais beneficiarios.

Segundo o Banco de España, 40.000 autónomos do sector do turismo, hostalaría e comercio beneficiáronse da moratoria legislativa de débedas hipotecarias, ata o 30 de outubro. Do mesmo modo, concedéronse 1.647 moratorias hipotecarias específicas para inmobles afectos a unha actividade turística (amparadas no Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego). O saldo vivo (equivalente ao importe agregado) era de 1.800 millóns de euros. Outros 40.000 viron suspendidas as obrigacións derivadas dos contratos de crédito sen garantía hipotecaria.

Finalmente, con carácter específico para o sector turístico, o pasado 18 de xuño o Goberno lanzou o Plan de impulso do sector turístico, un conxunto de 28 medidas cunha dotación de 4.262 millóns de euros para recuperar a confianza en España como destino seguro, mellorar a súa competitividade, reactivar o sector, reforzar o modelo de coñecemento e intelixencia turística e despregar accións de mercadotecnia e promoción.

O Plan de impulso contiña de maneira moi destacada medidas no ámbito de formación. Así, por exemplo, dentro do Programa Anfitrións desenvolveuse unha capacitación específica para as persoas traballadoras do sector no cumprimento das medidas de seguridade sanitaria.

Para a mellora da competitividade, o Plan de impulso incorporou o apoio a novas ferramentas de intelixencia turística, que se concretou na creación do Visor de datos do turismo (Dataestur); o reforzo da rede de destinos turísticos intelixentes e o Programa de plans de sustentabilidade turística en destinos, cun investimento de 58 millóns de euros en 2020 e que se encontra xa na fase de execución dos 25 proxectos beneficiarios xunto coas comunidades autónomas e entidades locais.

Por outro lado, no que se refire ao sector comercial, desde o primeiro momento o Goberno puxo en marcha varias medidas das cales se beneficiaron de maneira particular empresas e persoas traballadoras dese sector.

Como no caso do turismo, cómpre destacar as destinadas ao mantemento do emprego e a evitar a destrución do tecido produtivo, respecto das cales cabe sinalar que dous terzos dos traballadores do comercio retalista afectados por un ERTE son mulleres, así como o aprazamento de impostos e contribucións sociais ou as medidas en materia de arrendamento de locais de negocio. Así mesmo, tivo un grande impacto a Liña ICO avais COVID-19, na cal as operacións correspondentes ao comercio retalista ascenden a 105.279, cun total de 82.402 empresas, e un financiamento que supera os 8.343 millóns de euros.

Desde o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo mantívose un continuo contacto coas comunidades autónomas, coas principais asociacións de comercio, patronal, Cámara de Comercio de España, a FEMP e sindicatos para coordinar actuacións, especialmente en relación coa desescalada e coas condicións sanitarias necesarias para exercer a actividade comercial na nova normalidade. Tamén se mantivo un diálogo constante co sector para resolver todo tipo de consultas e dúbidas que ían xurdindo. Neste sentido, habilitouse unha caixa de correos de consultas, que estivo operativa desde o día 17 de marzo. Ata finais de agosto, dérase resposta a case 2.000 consultas formuladas por particulares, asociacións, empresas, concellos ou comunidades autónomas, entre outros.

De cara a fomentar o consumo, planificouse o desenvolvemento de diversas campañas de publicidade coa Cámara de Comercio de España co obxectivo de contribuír á sustentabilidade do comercio retalista. Especificamente, e dada a transcendencia que teñen

para este sector os meses de novembro e decembro no nivel de vendas, de cara a fomentar o consumo nas tendas físicas, estase desenvolvendo unha campaña de publicidade en medios co lema «Levantar unha persiana é construír un país», para trasladar un chamamento á cidadanía para apoiar día a día o sector comercial -desde o pequeno comercio de barrio, as grandes superficies ata o comercio ambulante- co obxectivo de contribuír á súa sustentabilidade, ademais de poñer en valor a seguridade nos locais e a profesionalidade, calidade, confianza e proximidade dos comerciantes no seu traballo diario.

A esta campaña unírase a difusión de mensaxes para sensibilizar sobre os danos da compra de falsificacións e concienciar sobre o consumo responsable e seguro nesta época de grandes compras a través da campaña para a loita contra as falsificacións impulsada pola Oficina Española de Patentes e Marcas.

Por todo iso, este real decreto lei busca aliviar a situación de empresas e autónomos, especialmente os relacionados coa actividade turística, hostaleira e comercial, para permitir que poidan manter a súa viabilidade e non se vexan irremediabilmente abocados ao peche como consecuencia da pandemia.

IV

Este real decreto lei estrutúrase en catro (4) capítulos, dezaioito (18) artigos, seis (6) disposicións adicionais, unha (1) disposición transitoria e dez (10) disposicións derradeiras.

No capítulo I deste real decreto lei establécense medidas para reducir os gastos fixos de arrendamento que soportan empresas e autónomos. Debido ás medidas excepcionais adoptadas polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, moitas actividades económicas víronse obrigadas a suspender a súa actividade ou a reducila drasticamente.

Como consecuencia do anterior, a falta de ingresos ou a minoración destes durante o período que dure o estado de alarma pode dar lugar á incapacidade financeira de autónomos e pemes para faceren fronte ao cumprimento, total ou parcial, das súas obrigacións de pagamento de renda de locais en alugueiro, o que pon en serio risco a continuidade das súas actividades.

Na falta de acordo entre as partes, a Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, non prevé ningunha causa de exclusión do pagamento da renda por forza maior ou por declaración de estado de alarma ou outras causas, salvo no referido no seu artigo 26, relativo á habitabilidade da vivenda derivada da execución de obras, que pode ser aplicable aos locais de negocio a través do artigo 30 desa mesma lei.

Así mesmo, se se acode á regulación do Código civil referida á forza maior, tampouco ofrece unha solución idónea, porque non axusta a distribución do risco entre as partes, aínda que pode xustificar a resolución contractual nos casos máis graves.

Por todo o anterior, considérase conveniente ofrecer unha resposta que permita abordar esta situación e regular un procedemento para que as partes poidan chegar a un acordo para a modulación do pagamento das rendas dos alugueiros de locais, como continuación e mellora do que se propuxo mediante o Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego

Por outro lado, estas medidas non lesionan os dereitos constitucionais que as partes asisten e respectan o contido esencial da propiedade privada e a libre empresa consagrados nos artigos 33 e 38, respectivamente, da Constitución española. Estas medidas axústanse aos parámetros de constitucionalidade que se viñeron establecendo mediante a xurisprudencia do Tribunal Constitucional para medidas semellantes de intervención estatal en relacións xurídico-privadas, ao non implicar o baleiramento do contido económico da renda acordada e non supoñer unha perda esencial, ou baleiramento, da utilidade económica do ben arrendado (SSTC 89/1994, do 17 de marzo). Neste sentido, e de acordo coa xurisprudencia constitucional, a utilidade económica da propiedade dada en arrendamento implica a percepción da correspondente mercé arrendaticia.

Especificamente, o real decreto lei cumprirá cos xuízos de idoneidade e necesidade, pois nel primase con claridade que haberá que aterse ao que voluntariamente pacten o arrendador e o arrendatario de establecementos comerciais, ao restrinxirse a aplicación destas medidas unicamente naqueles casos en que non existan pactos entre particulares

en relación coa situación de vulnerabilidade provocada por mor do SARS-CoV-2. E, finalmente, a norma cumpre co xuízo de proporcionalidade en sentido estrito, pois co mantemento das relacións contractuais existentes antes da pandemia facilita a solución de conflitos e evita perdas de empregos, empresas e de negocios, faltas de pagamento, situacións concursais e litixiosidade no futuro.

Dada a eficacia dos ERTE e das exencións vinculadas a eles para manter o emprego, o capítulo II recolle medidas no ámbito laboral e de seguridade social que pretenden paliar os efectos perniciosos da pandemia derivada do SARS-CoV-2, en especial reforzando a protección das medidas que afectan en determinados sectores produtivos, contidas no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego. Especificamente, refórzase a protección en relación coas actividades de «Comercio por xunto de bebidas», «Restaurantes e postos de comidas», «Establecementos de bebidas», «Actividades dos xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais» e «Actividades de xogos de azar e apostas». Estas actividades inclúense neste real decreto lei xa que, con data do 14 de decembro, a taxa de cobertura das persoas traballadoras aínda cubertas polos ERTE é superior ao 15 % dos afiliados no seu código de CNAE, e a súa taxa de recuperación desde primeiros de maio é inferior ao 65 %. Por iso, aplícanse agora as exencións previstas na disposición adicional primeira do citado real decreto lei ás empresas dos sectores indicados que prorrogaron os seus expedientes de regulación temporal de emprego, respecto ás súas persoas traballadoras afectadas por estes, tanto coa súa actividade suspendida como reiniciada no mes de decembro de 2020 ou que a reiniciasen desde a entrada en vigor do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego, nos termos do seu artigo 4.2.a), ás cales se aplicarán as mesmas porcentaxes xa establecidas no número 4 da disposición adicional primeira do citado real decreto lei.

A seguir, o capítulo III recolle diversas medidas en materia tributaria, co obxecto de volver establecer algunhas medidas que xa estiveron vixentes con anterioridade, e adoptar outras novas, a prol de diminuír o impacto da crise do SARS-CoV-2 en sectores especialmente vulnerables, como son, entre outros, o turismo e o comercio.

Así, cabe destacar o restablecemento dos aprazamentos de débedas tributarias para evitar as posibles tensións en tesouraría que poidan experimentar as pemes e os autónomos, concedendo durante seis meses esta facilidade de pagamento de tributos que xa se establecera no Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19.

No ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas, coa finalidade de adaptar a contía do rendemento neto determinado conforme o método de estimación obxectiva á realidade económica derivada da actual situación de emerxencia sanitaria, por unha parte, elévase a porcentaxe de redución do cinco por cento que se aplicará ao rendemento neto de módulos na declaración do imposto correspondente ao exercicio 2020. En concreto, a dita redución queda fixada, con carácter xeral, no vinte por cento, porcentaxe que se eleva ata o trinta e cinco por cento para actividades vinculadas ao sector turístico, á hostalaría e ao comercio. Ademais, o novo importe da redución terase en conta para cuantificar o rendemento neto para efectos do cuarto pagamento fraccionado correspondente ao exercicio 2020 e para o primeiro pagamento fraccionado de 2021.

Adicionalmente, para flexibilizar o réxime de pemes e autónomos, de forma análoga ao establecido no Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, elimínase a vinculación obrigatoria que durante tres anos se establece legalmente para a renuncia ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, do réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido. En concreto, establécese que a renuncia á aplicación do método de estimación obxectiva para o exercicio 2021 non impedirá volver determinar conforme o dito método o rendemento da actividade económica en 2022. Igualmente, para aqueles contribuíntes que renunciaron ao dito método no exercicio 2020, de forma tácita mediante a presentación do pagamento fraccionado correspondente ao primeiro trimestre do exercicio, ou con posterioridade, de forma expresa ou tácita, permítese que poidan volver aplicar o método de estimación obxectiva nos exercicios 2021 ou 2022.

Por outra parte, tamén de maneira análoga á medida adoptada polo Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, que considerou como período de inactividade o tempo en que estivo declarado o estado de alarma para os efectos de cuantificar o pagamento fraccionado do primeiro e segundo trimestre de 2020, declárase, para os efectos do cálculo do rendemento anual conforme o método de estimación obxectiva, que non se computen como período en que se exercese a actividade, tanto os días en que estivo declarado o estado de alarma no primeiro semestre de 2020 como os días do segundo semestre de 2020 en que, estando declarado ou non o estado de alarma, o exercicio efectivo da actividade económica se vise suspendido como consecuencia das medidas adoptadas pola autoridade competente para corrixir a evolución da situación epidemiolóxica derivada do SARS-CoV-2. Así mesmo, establécese que tales días tampouco se teñan en conta de cara á cuantificación do pagamento fraccionado correspondente ao cuarto trimestre de 2020.

No imposto sobre o valor engadido, e en paralelo co que se establece no método de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas, redúcese no ano 2020 un vinte por cento a cota anual devindicada por operacións correntes do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido, porcentaxe que se eleva ata o trinta e cinco por cento para as actividades vinculadas ao sector turístico, á hostalaría e ao comercio. As ditas reducións aplicaranse tamén no cálculo do ingreso á conta correspondente á primeira cota trimestral do exercicio 2021, e no cálculo da referida cota devindicada por operacións correntes do réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido non se computarán como período de actividade os días en que estivo declarado o estado de alarma no primeiro semestre de 2020, así como os días do segundo semestre de 2020 en que, estando declarado ou non o estado de alarma, o exercicio efectivo da actividade económica se vise suspendido como consecuencia das medidas adoptadas pola autoridade competente para corrixir a evolución da situación epidemiolóxica derivada do SARS-CoV-2.

Debe indicarse que, como consecuencia das modificacións introducidas no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, no réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido, se considera oportuno fixar un novo prazo para presentar as renuncias ou revogacións aos citados métodos e réximes especiais.

Por outra parte, establécese un incentivo fiscal co cal se pretende que as persoas físicas que alugan os locais en que se desenvolven determinadas actividades económicas vinculadas ao sector turístico, á hostalaría e ao comercio acorden voluntariamente rebaixas na renda arrendaticia correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2021, e que se permita computar como gasto deducible para o cálculo do rendemento do capital inmobiliario a contía da rebaixa da renda acordada durante tales meses.

Así mesmo, nos impostos persoais cuxa base imponible se determina conforme o imposto sobre sociedades, modifícase a antigüidade exixida para deducir as perdas por deterioración dos créditos derivadas das posibles insolvencias de debedores de forma que os seis meses que se exige que transcorresen entre o vencemento da obrigaición e a devindicación do imposto se reducen a tres meses para as empresas de reducida dimensión, co obxecto de que estas empresas poidan acelerar a incorporación na base imponible de tales perdas nos períodos impositivos que se inicien nos anos 2020 e 2021. Esta previsión recóllese tamén de forma paralela no imposto sobre a renda das persoas físicas, de modo que as cantidades debidas poidan anticipar a súa consideración de gasto deducible no cálculo do rendemento do capital inmobiliario.

Por último, o capítulo IV introduce medidas de flexibilización que permitan o mantemento de incentivos rexionais e axudas para garantir a liquidez do sector turístico. Os incentivos rexionais son as axudas financeiras que concede a Administración xeral do Estado ao investimento produtivo para fomentar a actividade empresarial, orientando a súa localización cara a zonas previamente determinadas. Consisten en subvencións a fondo perdido e teñen como obxectivo paliar os desequilibrios interterritoriais.

Ante as consecuencias orixinadas pola crise sanitaria, ponse de manifesto a necesidade de flexibilizar algúns dos requisitos para ser beneficiario destas axudas, e así se fai en relación co nivel mínimo de fondos propios, as condicións de mantemento do emprego e do investimento, así como a posible execución de proxectos.

V

Polo que respecta ás disposicións da parte final, a disposición adicional primeira exclúe da aplicación das medidas recollidas no capítulo I as persoas arrendatarias das entidades a que se refire o artigo 22.1 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, debido a que nese ámbito xa existe unha regulación específica ao respecto, a prevista no artigo 10 do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, para cuxa solicitude se abre de novo o prazo de forma extraordinaria.

A disposición adicional segunda prevé un réxime transitorio das zonas de grande afluencia turística reguladas na Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais. Ante a grave situación do comercio retailista, unha das medidas máis importantes para o impulso e a flexibilidade da oferta no sector da distribución retailista pasa pola flexibilización de horarios comerciais e o fomento de comercio de compras, o que require unha modificación dos criterios exixidos para poder declarar unha área como zona de grande afluencia turística.

Actualmente, os criterios utilizados na Lei 1/2004, do 21 de decembro, refírense aos datos estatísticos do exercicio inmediatamente anterior referentes a habitantes, pernoitas ou pasaxeiros de cruceiros. Dado que os datos de 2020 serán moi inferiores aos de anos anteriores, os requisitos para ser declarada como zona de grande afluencia turística en 2021 resultarán moito máis difíciles de cumprir, co conseguinte prexuízo para o comercio retailista. Por iso, é urxente flexibilizar eses criterios para que non teñan en conta os datos de 2020 que, polo seu carácter especialmente baixo, poderían desvirtuar o obxectivo da norma de dinamizar o comercio retailista.

A disposición adicional terceira mantén a extensión da bonificación por prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos descontínuos de forma excepcional durante 2021, en todas as comunidades autónomas e durante os meses de abril a outubro de 2021, de maneira complementaria á medida prevista para os meses de febreiro, marzo e novembro no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2021, así como manter a compatibilidade destas bonificacións coas exoneracións das cotas da Seguridade Social que poidan resultar aplicables.

A disposición adicional cuarta exime os artistas en espectáculos públicos e os profesionais taurinos de acreditaren o cumprimento do requisito de ter prestado servizos cunhas retribucións mínimas ou participado nun número determinado de espectáculos, para efectos de manterse incluídos no réxime xeral da Seguridade Social durante o ano 2021, tendo en conta as dificultades e limitacións que para o exercicio da súa actividade sufriron como consecuencia da pandemia provocada polo SARS-CoV-2.

A disposición adicional quinta amplía o prazo de solicitude do subsidio especial por desemprego regulado no artigo 1 do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, polo que se aproban medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural, para aquelas persoas que esgotasen prestacións por desemprego entre o 14 de marzo e o 30 de xuño de 2020. O novo prazo será dun mes desde o día seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto lei.

A disposición adicional sexta declara de interese xeral as obras para a construción, reforma, mellora, ampliación ou rehabilitación das infraestruturas, instalacións e equipamentos que se encontren incluídas nos plans de infraestruturas para a seguridade do Estado e dos centros de internamento de estranxeiros aprobados mediante acordos do Consello de Ministros.

Pola súa parte, a disposición derradeira primeira revisa a exención prevista para as retribucións en especie derivadas de fórmulas indirectas de prestación do servizo de comedor de empresa, coa finalidade de aclarar que a dita exención resulta tamén de

aplicación no caso do traballo a distancia ou non presencial. Desta forma, a exención debe resultar aplicable non só cando o servizo se presta no propio local do establecemento de hostalaría, senón tamén cando a prestación se efectúe para o seu consumo fóra do citado local, tanto no caso da súa recollida nel polo propio traballador, como no da súa entrega no seu centro de traballo ou, no caso dun día de traballo a distancia ou de teletraballo, no lugar elixido por aquel para desenvolver este último.

A seguir, a disposición derradeira segunda inclúe unha modificación da disposición adicional décima do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, co obxecto de incorporar unha epígrafe para regular a coordinación entre o planeamento urbano e aquelas obras que os órganos da Administración xeral do Estado desenvolvan ao abeiro do artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Na aplicación práctica do réxime xurídico vixente neste suposto comprobouse que na súa redacción actual desnaturaliza a efectividade da actuación administrativa de emerxencia. En consecuencia, e en coherencia coa necesidade de actuación inmediata prevista no dito artigo, a modificación establece unha redución de prazos para os trámites de comunicación entre as administracións competentes.

A modificación complétase coa incorporación dunha disposición transitoria para permitir que este réxime xurídico se aplique aos proxectos ou actuacións que se encontren pendentes, na data da súa entrada en vigor, da recepción prevista no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A disposición derradeira terceira modifica o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro. Por un lado, introdúcese unha nova disposición adicional trixésimo primeira pola cal se limita o alcance da devolución de cotas naqueles casos en que a súa procedencia derive de solicitudes de variación ou corrección de datos de seguridade social efectuadas fóra de prazo regulamentario. En tales supostos, unicamente se terá dereito ao reintegro do importe correspondente ás tres mensualidades anteriores á data de presentación desas solicitudes. Por outro lado, refórmase a disposición transitoria décimo sexta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, relativa ás bases e aos tipos de cotización e á acción protectora no Sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social, de modo que se amplía ata o ano 2023 o período transitorio de aplicación da escala de bases de cotización do dito sistema especial que nela se recolle e que, conforme a súa actual redacción, finalizaría este ano 2020, compasándose así as previsións da dita disposición transitoria á regulación que sobre bases e tipos de cotización para o referido sistema especial se contén no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

A seguir, a disposición derradeira cuarta amplía o prazo para realizar gastos subvencionables nas axudas aos titulares das salas de exhibición, recoñecidas no Real decreto Lei 17/2020, do 5 de maio. Inicialmente, o dito prazo comprendía só o exercicio 2020. Non obstante, a actividade de exhibición viuse alterada substancialmente, tanto polas medidas sanitarias e de prevención acordadas, como pola retirada do mercado das grandes producións. Deste modo, dificultouse, cando non se impediu, a realización dos gastos subvencionables durante este ano 2020, polo que é imprescindible estender o prazo para iso ata o 31 de maio de 2021.

A disposición derradeira quinta engade un novo punto ao artigo 29 do Real decreto Lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital. A situación de pandemia determinou que a implantación do procedemento que se establece nel non podería terse realizado, desde o inicio, de forma xeneralizada, pola necesidade de realizar os desenvolvementos técnicos necesarios de interoperabilidade entre administracións. Unha vez completados os desenvolvementos técnicos, resulta urxente a súa implementación para atender, coa maior présa posible, as situacións de necesidade que son obxecto de protección polo ingreso mínimo vital. Este mecanismo supón, ademais, un avance na colaboración entre administracións e un beneficio para o cidadán, dado que lle permite relacionarse coa Administración que lle poida resultar máis próxima.

A disposición derradeira sexta modifica o Real decreto Lei 32/2020, do 3 de novembro, co obxecto de incorporar a necesaria referencia ao Instituto Social da Mariña e reflectir as súas competencias.

A disposición derradeira sétima establece, con vixencia ata o 31 de decembro de 2022, e de conformidade co establecido na Directiva (UE) 2020/2020 do Consello, do 7 de decembro de 2020, pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE no relativo a medidas temporais en relación co imposto sobre o valor engadido aplicable ás vacinas contra a COVID-19 e os produtos sanitarios para diagnóstico in vitro desta enfermidade en resposta á pandemia de COVID-19, a aplicación do tipo do cero por cento do IVE ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias das vacinas e dos produtos sanitarios para diagnóstico in vitro da COVID-19, para favorecer a vacinación da poboación española e o diagnóstico da súa evolución sanitaria ata a erradicación da pandemia. Tamén será de aplicación o tipo cero do imposto aos servizos de transporte, almacenamento e distribución destes produtos para rebaixar os custos asociados á súa utilización e garantir a súa difusión. Para evitar a necesidade de adaptar os sistemas de facturación dos suxeitos pasivos, estas operacións documentaranse en factura como operacións exentas. Non obstante, a aplicación dun tipo impositivo do cero por cento non determina a limitación do dereito á dedución do imposto sobre o valor engadido soportado polo suxeito pasivo que realiza a operación. En paralelo co anterior, tamén se realiza un axuste no tipo da recarga de equivalencia aplicable ás mencionadas operacións.

Por último, as disposicións derradeiras oitava, novena e décima refírense ao desenvolvemento regulamentario e execución do real decreto lei, aos títulos competenciais que amparan o Estado para ditar esta norma, e á entrada en vigor da norma.

As medidas contidas neste real decreto lei que constitúan axudas de Estado estableceranse de acordo coa normativa da Unión Europea ao respecto. En particular, cando se considere de aplicación, configuraranse de conformidade co Marco temporal de axudas -COVID 19 e co Marco nacional temporal aprobado polas decisións da Comisión Europea SA.56851 (2020/N), do 2 de abril de 2020, e SA.57019 (2020/N), do 24 de abril de 2020, e as súas modificacións.

VI

O artigo 86 da Constitución española permite ao Goberno ditar decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade». A adopción de medidas de carácter económico acudindo ao instrumento do real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional sempre que concorran unha motivación explícita e razoada da necesidade, entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta, e a urxencia, asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal e como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4, 137/2003, do 3 de xullo, F. 3 e 189/2005, do 7 xullo, F. 3), auxiliar nunha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

É manifesta a necesidade de acudir a este instrumento normativo ante a grave situación que vén soportando o noso país desde a declaración de emerxencia de saúde pública de importancia internacional, que impuxo a necesidade de declarar o estado de alarma e que lles supuxo á cidadanía, traballadores, empresas e sector público un sacrificio que demanda unha resposta adicional dos poderes públicos. O rápido empeoramento da situación sanitaria xerou unha segunda vaga de contaxios que requiriu da aplicación de novas medidas sanitarias de contención que permitan frear a expansión da enfermidade. Estas medidas necesarias para a protección da saúde pública teñen un impacto na actividade económica que non se pode descoñecer. Á xa débil situación da

economía e, en concreto, dos sectores do turismo, hostalaría e comercio, únense novas restricións que afectan os padróns de consumo.

Para evitar o colapso destes sectores, requírese dunha actuación urxente que permita asegurar a súa viabilidade. Neste sentido, medidas como as propostas neste real decreto lei en materia de arrendamentos de locais de negocios, tributos, seguridade social, mantemento dos incentivos rexionais ou zonas de grande influencia turística son urxentes para evitar o estrangulamento económico de autónomos e pemes como consecuencia das medidas de contención adoptadas. É necesaria a súa aprobación inmediata para aliviar os seus problemas de tesouraría e evitar unha maior destrución de emprego.

En definitiva, as circunstancias actuais requiren dunha política pública destinada a cumprir uns obxectivos ben definidos polo Goberno e cuxa materialización require dunha extraordinaria e urxente implementación e do seu impulso neste momento, que motivan a urxente necesidade de aprobar este real decreto lei e que se inscribe no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao propio Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e a saúde pública.

Como o Tribunal Constitucional tivo ocasión de subliñar «o feito de que unha materia estea reservada á lei ordinaria, con carácter absoluto ou relativo, non exclúe *eo ipso* a súa regulación extraordinaria e provisional mediante decreto lei» (SSTC 60/1986, FX 2; 182/1997, FX 8; 100/2012, FX 9; 35/2017, do 1 de marzo, FX 5).

Os motivos de oportunidade que acaban de expoñerse demostran que, en ningún caso, este real decreto lei desborda ou constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Pola súa vez, as medidas establecidas polo real decreto lei non lesionan dereitos constitucionais e respectan o contido esencial da propiedade privada e a libre empresa consagrados nos artigos 33 e 38, respectivamente, da Constitución española. Estas medidas axústanse aos parámetros de constitucionalidade que se viñeron establecendo.

En relación co emprego do real decreto lei como instrumento para a introdución destas modificacións no ordenamento xurídico, débese ter en conta tanto a concorrencia dos presupostos habilitantes que xustifican a utilización desta clase de norma como cales son as materias vedadas a este instrumento normativo. En relación cos primeiros, como sinala o artigo 86.1 da nosa Constitución, os reais decretos leis «non poderán afectar o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral». No caso deste real decreto lei non se afecta ningunha destas materias.

En efecto, as regulacións que se incorporan á norma non supoñen unha afección do núcleo esencial de ningún dos anteriores elementos, posto que non se regula ningunha institución básica do Estado, non se afecta a natureza dos dereitos e deberes da cidadanía, non se incide no réxime das comunidades autónomas posto que non é obxecto de ningunha destas medidas, e tampouco ten ningunha relación co réxime electoral, de modo que nada hai no seu contido que obste a súa aprobación neste punto.

En particular, e polo que se refire ás medidas de carácter tributario, como sinala a STC 100/2012, do 8 de maio, no seu FX 9, «do feito de que a materia tributaria estea suxeita ao principio de reserva de lei (arts. 31.3 e 133.1 e 3 CE) e de que a dita reserva teña carácter relativo e non absoluto «non deriva necesariamente que se encontre excluída do ámbito de regulación do decreto lei, que poderá penetrar na materia tributaria sempre que se dean os requisitos constitucionais do presuposto habilitante e non ‘afecte’, no sentido constitucional do termo, as materias excluídas» (SSTC 182/1997, do 28 de

outubro, FX 8; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; e 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; 245/2004, do 16 de decembro, FX 4; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7).

E, sobre este particular, na sección 2 do capítulo segundo do título I da Constitución, baixo a rúbrica «Dos dereitos e deberes dos cidadáns», insírese o art. 31.1 CE, precepto que establece «un auténtico mandato xurídico, fonte de dereitos e obrigacións», do cal «deriva un deber constitucional para os cidadáns de contribuír, a través dos impostos, ao sostemento ou financiamento dos gastos públicos» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 6; 245/2004, do 16 de decembro, FX 5; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7); é, en consecuencia, un «dos deberes cuxa afectación está vedada ao decreto lei o deber de contribuír ao sostemento dos gastos públicos que enuncia o art. 31.1 CE» (SSTC 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 245/2004, do 16 de decembro, FX 5; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7) (...).

Pois ben, o artigo 31.1 da Constitución española «conecta o citado deber de contribuír co criterio da capacidade económica» e relaciónao, pola súa vez, «non con calquera figura tributaria en particular, senón co conxunto do sistema tributario», polo que queda claro que «o decreto lei non poderá alterar nin o réxime xeral nin aqueles elementos esenciais dos tributos que inciden na determinación da carga tributaria, afectando así o deber xeral dos cidadáns de contribuír ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa riqueza mediante un sistema tributario xusto» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7). De maneira que vulnerará o art. 86 CE «calquera intervención ou innovación normativa que, pola súa entidade cualitativa ou cuantitativa, altere sensiblemente a posición do obrigado a contribuír segundo a súa capacidade económica no conxunto do sistema tributario» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7). Por tanto, será preciso ter en conta «en cada caso en que tributo concreto incide o decreto lei –constatando a súa natureza, estrutura e a función que cumpre dentro do conxunto do sistema tributario, así como o grao ou medida en que intervéen o principio de capacidade económica– que elementos deste – esenciais ou non– resultan alterados por este excepcional modo de produción normativa e, en fin, cales son a natureza e o alcance da concreta regulación de que se trate» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7).».

Á luz destas consideracións, cabe afirmar que as medidas tributarias contidas neste real decreto lei non vulneran o citado artigo 31 da Constitución xa que, como se sinala na antes citada STC 100/2012 (FX 9), non alteran «de maneira relevante a presión fiscal que deben soportar os contribuíntes e, por conseguinte, non provocou un cambio substancial da posición dos cidadáns no conxunto do sistema tributario, de maneira que non afectou a esencia do deber constitucional de contribuír ao sostemento dos gastos públicos que enuncia o artigo 31.1 CE» (SSTC 137/2003, do 3 de xullo, FX 7; e 108/2004, do 30 de xuño, FX 8).

As medidas tributarias agora adoptadas cumpren escrupulosamente coas exixencias constitucionais expresadas na xurisprudencia antes mencionada.

VII

De conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este real decreto lei axústase aos principios de boa regulación.

Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa fundaméntase no interese xeral que supón atender ás circunstancias sociais e económicas excepcionais derivadas da crise de saúde pública provocada polo SARS-CoV-2, ao ser este o momento de adoptar medidas adicionais para prestar auxilio a estas necesidades e ao constituír o real decreto lei o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

A norma é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para lograr o obxectivo de garantir o benestar de toda a cidadanía e das

persoas traballadoras en particular, e minimizar o impacto na actividade económica ante a situación excepcional actual.

Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, ao ser coherente co dereito da Unión Europea e co resto do ordenamento xurídico e seguir os principios reitores da política social e económica.

En canto ao principio de transparencia, o real decreto lei expón con claridade os seus obxectivos, e exceptúanse os trámites de consulta pública e de audiencia e información públicas, conforme o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por último, en relación co principio de eficiencia, este real decreto lei non impón cargas administrativas.

Este real decreto lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas atribuídas ao Estado en materia de regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas; lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral e débeda do Estado; e lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas; establecidas nos artigos 149.1.1.^a, 7.^a, 8.^a, 13.^a, 14.^a e 17.^a, respectivamente, da Constitución; así como ao abeiro do disposto no artigo 149.2 da Constitución española, que dispón que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo, da ministra de Facenda, da ministra de Traballo e Economía Social, e do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas extraordinarias dirixidas a arrendamentos de locais de negocios

Artigo 1. *Arrendamentos para uso distinto do de vivenda con grandes tedores.*

1. En ausencia dun acordo entre as partes para a redución temporal da renda ou unha moratoria no seu pagamento, a persoa física ou xurídica arrendataria dun contrato de arrendamento para uso distinto do de vivenda, de conformidade co previsto no artigo 3 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, ou de industria, que cumpra os requisitos previstos no artigo 3 deste real decreto lei, poderá, antes do 31 de xaneiro de 2021, solicitar da persoa arrendadora, cando esta sexa unha empresa ou entidade pública, ou un gran tedor, entendendo por tal a persoa física ou xurídica que sexa titular de máis de dez (10) inmobles urbanos, excluindo garaxes e rochos, ou unha superficie construída de máis de 1.500 m², unha das seguintes alternativas:

a) Unha redución do 50 por cento da renda arrendaticia durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e as súas prórrogas, e poderá estenderse ás mensualidades seguintes, ata un máximo de catro meses.

b) Unha moratoria no pagamento da renda arrendaticia que se aplicará durante o período de tempo que dure o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e as súas prórrogas, e poderá estenderse ás mensualidades seguintes,

ata un máximo de catro meses. Esta renda aprazarase, sen penalización nin devindicación de xuros, a partir da seguinte mensuralidade de renda arrendaticia á fin do prazo sinalado no número 3. O pagamento aprazado das rendas poderase realizar durante un período de dous anos contados desde a finalización da moratoria, e sempre dentro do prazo ao longo do cal continúe a vixencia do contrato de arrendamento ou calquera das súas prórrogas, repartíndose os importes aprazados de maneira proporcional ao longo do período.

2. Nos casos en que no contrato de arrendamento estea previsto o pagamento, ademais da renda arrendaticia, doutros gastos derivados de servizos de mantemento ou doutro tipo, e dos cales o arrendatario se beneficia, estes gastos comúns quedarán excluídos das medidas previstas no punto anterior.

3. A persoa arrendadora comunicará expresamente a súa decisión á arrendataria, no prazo máximo de sete días hábiles desde que a arrendataria lle formulase a súa solicitude por un medio fidedigno. A partir da seguinte mensuralidade arrendaticia á fin dese prazo, aplicarase automaticamente a medida elixida polo arrendador de entre as descritas nas alíneas a e b do número 1, ou, na falta de comunicación expresa en prazo, a solicitada polo arrendatario.

4. En caso de que as partes chegasen a un acordo sobre a redución da renda ou a moratoria do seu pagamento que afecte unicamente unha parte do período comprendido polo estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e as súas prórrogas, así como un máximo de catro meses posteriores á finalización da última prórroga do dito estado de alarma, os números 1 e 2 deste artigo tamén resultarán de aplicación, pero a medida correspondente prevista no número 1 aplicarase unicamente para a parte do período non afectada polo acordo das partes.

Artigo 2. *Outros arrendamentos para uso distinto do de vivenda.*

1. A persoa física ou xurídica arrendataria dun contrato de arrendamento para uso distinto do de vivenda de conformidade co previsto no artigo 3 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, ou de industria, cuxo arrendador sexa distinto dos definidos no artigo 1, e cumpra os requisitos previstos no artigo 3, poderá solicitar da persoa arrendadora, antes do 31 de xaneiro de 2021, o aprazamento temporal e extraordinario no pagamento da renda sempre que o dito aprazamento ou unha rebaixa da renda non fosen acordados por ambas as partes con carácter voluntario.

2. Exclusivamente no marco do acordo a que se refire o punto anterior, as partes poderán dispoñer libremente da fianza prevista no artigo 36 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, que poderá servir para o pagamento total ou parcial dalgunha ou dalgunhas mensuralidades da renda arrendaticia. En caso de que se dispoña total ou parcialmente dela, o arrendatario deberá repoñer o importe da fianza disposta no prazo dun ano desde a celebración do acordo ou no prazo que reste de vixencia do contrato, en caso de que este prazo for inferior a un ano.

Artigo 3. *Requisitos dos traballadores autónomos e pemes arrendatarios para efectos dos artigos 1 e 2.*

Poderán acceder ás medidas previstas nos artigos 1 e 2, os traballadores autónomos e pemes arrendatarios de bens inmoables para uso distinto do de vivenda cando cumpran os seguintes requisitos:

1. No caso de contrato de arrendamento dun inmoable afecto á actividade económica desenvolvida polo traballador autónomo:

a) Estar afiliado e en situación de alta, na data da declaración do estado de alarma mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar ou, de ser o caso, nunha das mutualidades substitutorias do RETA.

b) Que a súa actividade quedase suspendida como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, ou mediante ordes ditadas pola autoridade competente e as autoridades competentes delegadas ao abeiro do referido real decreto.

c) No suposto de que a súa actividade non se vexa directamente suspendida como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberase acreditar a redución da facturación do mes natural anterior ao que se solicita o aprazamento ou redución da renda en, polo menos, un 75 por cento, en relación coa facturación media mensual do trimestre a que pertence o dito mes referido ao ano anterior.

2. En caso de contrato de arrendamento de inmovible afecto á actividade económica desenvolvida por unha peme:

a) Que non se superen os límites establecidos no artigo 257.1 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

b) Que a súa actividade quedase suspendida como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, ou por ordes ditadas pola autoridade competente e as autoridades competentes delegadas ao abeiro do referido real decreto.

c) No suposto de que a súa actividade non se vexa directamente suspendida en virtude do previsto no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberase acreditar a redución da súa facturación do mes natural anterior ao que se solicita o aprazamento ou redución da renda en, polo menos, un 75 por cento, en relación coa facturación media mensual do trimestre a que pertence o dito mes referido ao ano anterior.

Artigo 4. *Acreditación dos requisitos.*

A persoa arrendataria acreditará ante a arrendadora o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo anterior mediante a presentación da seguinte documentación:

a) A redución de actividade acreditarase inicialmente mediante a presentación dunha declaración responsable na cal, sobre a base da información contable e de ingresos e gastos, se faga constar a redución da facturación mensual en, polo menos, un 75 por cento, en relación coa facturación media mensual do mesmo trimestre do ano anterior. En todo caso, cando o arrendador o requira, o arrendatario terá que mostrarlle os seus libros contables ao arrendador para acreditar a redución da actividade.

b) A suspensión de actividade acreditarase mediante certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou pola entidade competente para tramitar o cesamento de actividade extraordinario regulado no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, de ser o caso, sobre a base da declaración de cesamento de actividade declarada polo interesado.

Artigo 5. *Consecuencias da aplicación indebida da redución e o aprazamento temporal e extraordinario no pagamento da renda.*

As persoas arrendatarias que se beneficiasen da redución e do aprazamento temporal e extraordinario no pagamento da renda sen reuniren os requisitos establecidos no artigo 3 serán responsables dos danos e perdas que se puidesen producir, así como de todos os gastos xerados pola aplicación destas medidas excepcionais, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde a que poida dar lugar a súa conduta.

Artigo 6. *Exclusión da aplicación da medida a arrendadores incursos en concurso de acredores.*

1. O disposto no artigo 1 non resultará de aplicación cando a persoa arrendadora se encontre en concurso de acredores ou cando, como consecuencia da aplicación das medidas previstas no dito artigo, o arrendador se encontre en probabilidade de insolvencia

ou ante unha insolvencia inminente ou actual, de acordo co establecido no Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal.

2. O arrendador que pretenda a aplicación deste artigo 6 deberá acreditar encontrarse nalgunha das situacións previstas nel.

CAPÍTULO II

Medidas de apoio no ámbito laboral e seguridade social

Artigo 7. *Medidas extraordinarias en materia de cotización vinculadas aos expedientes de regulación temporal de emprego prorrogados automaticamente ata o 31 de xaneiro de 2021 para determinadas actividades dos sectores de turismo, hostalaría e comercio.*

1. As empresas que teñan expedientes de regulación temporal de emprego baseados no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, prorrogados automaticamente ata o 31 de xaneiro de 2021 de conformidade co artigo 1 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego, e cuxa actividade se clasifique nos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas –CNAE-09–, 4634 (Comercio por xunto de bebidas), 5610 (Restaurantes e postos de comidas), 5630 (Establecementos de bebidas), 9104 (Actividades dos xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais) e 9200 (Actividades de xogos de azar e apostas), quedarán exoneradas do aboamento da achega empresarial á cotización á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta respecto das persoas traballadoras afectadas polos ditos expedientes que reinicien a súa actividade a partir do 1 de decembro de 2020, ou que a reiniciasen desde a entrada en vigor do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego, nos termos do seu artigo 4.2.a), polos períodos e porcentaxes de xornada traballados no dito mes; e respecto das persoas traballadoras que teñan as súas actividades suspendidas no mes de decembro de 2020 ou no mes de xaneiro de 2021, polos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión.

2. Esta exención aplicarase nas porcentaxes e condicións que se indican a continuación:

a) O 85 por cento da achega empresarial devindicada en decembro de 2020 e xaneiro de 2021, cando a empresa tivese menos de cincuenta persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020.

b) O 75 por cento da achega empresarial devindicada en decembro de 2020 e xaneiro de 2021, cando a empresa tivese cincuenta ou máis persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta en 29 de febreiro de 2020.

3. A exención regulada neste artigo será incompatible coas medidas reguladas no artigo 2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

Así mesmo, resultará de aplicación o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 2 do citado real decreto lei, en materia de procedemento de aplicación, control, efectos, financiamento e alcance das exencións, e os artigos 4 a 7 do citado real decreto lei, en materia de límites relacionados con repartición de dividendos e transparencia fiscal, salvagarda do emprego, medidas extraordinarias para a protección do emprego, interrupción do cómputo da duración máxima dos contratos temporais, horas extraordinarias e novas externalizacións da actividade.

4. Para efectos do establecido neste artigo, considerarase que o código da CNAE-09 en que se clasifica a actividade da empresa é o que resulte de aplicación para a determinación dos tipos de cotización para a cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais respecto das liquidacións de cotas presentadas en setembro de 2020, Segundo o establecido na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

CAPÍTULO III

Medidas en materia tributaria

Artigo 8. *Aprazamento de débedas tributarias.*

1. No ámbito das competencias da Administración tributaria do Estado, para os efectos dos aprazamentos a que se refire o artigo 65 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, concederáselles o aprazamento do ingreso da débeda tributaria correspondente a todas aquelas declaracións-liquidacións e autoliquidacións cuxo prazo de presentación e ingreso finalice desde o día 1 de abril ata o día 30 de abril de 2021, ambos os dous incluídos, sempre que as solicitudes presentadas ata esa data reúnan os requisitos a que se refire o artigo 82.2.a) da citada lei.

2. Este aprazamento será aplicable tamén ás débedas tributarias a que fan referencia as letras b), f) e g) do artigo 65.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Será requisito necesario para a concesión do aprazamento que o debedor sexa unha persoa ou entidade con volume de operacións non superior a 6.010.121,04 euros no ano 2020.

4. As condicións do aprazamento serán as seguintes:

a) O prazo será de seis meses.

b) Non se devindicarán xuros de demora durante os primeiros tres meses do aprazamento.

Artigo 9. *Redución en 2020 do rendemento neto calculado polo método de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas e da cota devindicada por operacións correntes do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido.*

1. A redución prevista na disposición adicional primeira da Orde HAC/1164/2019, do 22 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2020 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido, será:

a) O 20 por 100, para as seguintes actividades:

IAE	Actividade económica
División 0	Gandaría independente.
—	Servizos de cría, garda e engorda de gando.
—	Outros traballos, servizos e actividades accesorios realizados por agricultores ou gandeiros que estean excluídos ou non incluídos no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.
—	Outros traballos, servizos e actividades accesorios realizados por titulares de actividades forestais que estean excluídos ou non incluídos no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.
—	Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades agrícolas desenvolvidas en réxime de parzaría.
—	Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades forestais desenvolvidas en réxime de parzaría.
—	Procesos de transformación, elaboración ou manufactura de produtos naturais, vexetais ou animais, que requiran a alta nunha epígrafe correspondente a actividades industriais nas tarifas do imposto sobre actividades económicas e os realicen os titulares das explotacións das cales se obteñan directamente os ditos produtos naturais.
—	Agrícola ou gandeira susceptible de estar incluída no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.
—	Actividade forestal susceptible de estar incluída no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.
—	Produción de mexillón en batea.

IAE	Actividade económica
419.1	Industrias do pan e da bolaría.
419.2	Industrias da bolaría, pastelería e galletas.
419.3	Industrias de elaboración de masas fritas.
423.9	Elaboración de patacas fritas, flocos de millo e similares.
641	Comercio ao retallo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.
642.1, 2, 3 e 4	Comercio ao retallo de carne e miúdos; de produtos e derivados cárnicos elaborados, salvo miúdos.
642.5	Comercio ao retallo de ovos, aves, coellos de granxa, caza, e de produtos derivados deles.
642.6	Comercio ao retallo, en tendas especializadas, de vísceras e despoños procedentes de animais de abasto, frescos e conxelados.
643.1 e 2	Comercio ao retallo de peixes e outros produtos da pesca e da acuicultura e de caracois.
644.1	Comercio ao retallo de pan, pastelería, confeitaría e similares e de leite e produtos lácteos.
644.2	Despachos de pan, pans especiais e bolaría.
644.3	Comercio ao retallo de produtos de pastelería, bolaría e confeitaría.
644.6	Comercio ao retallo de masas fritas, con ou sen coberturas ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparados de chocolate e bebidas refrescantes.
647.1	Comercio ao retallo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.
647.2 e 3	Comercio ao retallo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 400 metros cadrados.
659.4	Comercio ao retallo de prensa, revistas e libros en quioscos situados na vía pública.
691.1	Reparación de artigos eléctricos para o fogar.
691.2	Reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos.
691.9	Reparación de calzado.
691.9	Reparación doutros bens de consumo n.c.ou.p. (excepto reparación de calzado, restauración de obras de arte, mobles, antigüidades e instrumentos musicais).
692	Reparación de maquinaria industrial.
699	Outras reparacións n.c.ou.p.
721.2	Transporte por autotaxis.
722	Transporte de mercadorías por estrada.
751.5	Engraxamento e lavado de vehículos.
757	Servizos de mudanzas.
849.5	Transporte de mensaxaría e recadaría, cando a actividade se realice exclusivamente con medios de transporte propios.
933.1	Ensino de condución de vehículos terrestres, acuáticos, aeronáuticos, etc.
933.9	Outras actividades de ensino, tales como idiomas, corte e confección, mecanografía, taquigrafía, preparación de exames e oposicións e similares n.c.ou.p.
967.2	Escolas e servizos de perfeccionamento do deporte.
971.1	Tinguidura, limpeza en seco, lavado e pasada de ferro de roupa feita e de roupa e artigos do fogar usados.
972.1	Servizos de peiteado de señora e cabaleiro.
972.2	Salóns e institutos de beleza.

IAE	Actividade económica
973.3	Servizos de copias de documentos con máquinas fotocopadoras.

b) O 35 por cento, para as seguintes actividades:

IAE	Actividade económica
651.1	Comercio ao retallo de produtos téxtiles, confeccións para o fogar, alfombras e similares e artigos de tapizaría.
651.2	Comercio ao retallo de toda clase de roupa para o vestido e toucado.
651.3 e 5	Comercio ao retallo de lenzaría, <i>corsetería</i> e roupas especiais.
651.4	Comercio ao retallo de artigos de mercería e paquetaría.
651.6	Comercio ao retallo de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral.
652.2 e 3	Comercio ao retallo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos, e de artigos para a hixiene e o aseo persoal.
653.1	Comercio ao retallo de mobles.
653.2	Comercio ao retallo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como mobles de cociña.
653.3	Comercio ao retallo de artigos de cociña, ferraxaría, adorno, regalo, ou reclamo (incluídos bixutería e pequenos electrodomésticos).
653.4 e 5	Comercio ao retallo de materiais de construción, artigos e mobiliario de saneamento, portas, ventás, persianas, etc.
653.9	Comercio ao retallo doutros artigos para o equipamento do fogar n.c.ou.p.
654.2	Comercio ao retallo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.
654.5	Comercio ao retallo de toda clase de maquinaria (excepto aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos).
654.6	Comercio ao retallo de cubertas, bandas ou bandaxes e cámaras de aire para toda clase de vehículos, excepto as actividades de comercio por xunto dos artigos citados.
659.2	Comercio ao retallo de mobles de oficina e de máquinas e equipamentos de oficina.
659.3	Comercio ao retallo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
659.4	Comercio ao retallo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes, excepto en quioscos situados na vía pública.
659.6	Comercio ao retallo de briquedos, artigos de deporte, roupa deportiva de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.
659.7	Comercio ao retallo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.
662.2	Comercio ao retallo de toda clase de artigos, incluídos alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.
663.1	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de produtos alimenticios, mesmo bebidas e xeados.
663.2	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de artigos téxtiles e de confección.
663.3	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de calzado, peles e artigos de coiro.
663.4	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de artigos de drogaría e cosméticos e de produtos químicos en xeral.
663.9	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente doutras clases de mercadorías n.c.ou.p.
671.4	Restaurantes de dous garfos.

IAE	Actividade económica
671.5	Restaurantes dun garfo.
672.1, 2 e 3	Cafetaría.
673.1	Cafés e bares de categoría especial.
673.2	Outros cafés e bares.
675	Servizos en quioscos, postos en mercados, barracas ou outros locais análogos.
676	Servizos en chocolatarías, xeadarías e orcharías.
681	Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis dunha ou dúas estrelas.
682	Servizo de hospedaxe en hostais e pensións.
683	Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes.
721.1 e 3	Transporte urbano colectivo e de viaxeiros por estrada.

2. O importe da redución previsto no número 1 anterior terase en conta para cuantificar o rendemento neto para efectos do cuarto pagamento fraccionado correspondente ao exercicio 2020.

3. Para o cálculo do primeiro pagamento fraccionado correspondente ao exercicio 2021, a redución prevista na disposición adicional primeira da Orde HAC/1155/2020, do 25 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2021 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido, será a prevista no número 1 anterior.

4. Os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que desenvolvan actividades empresariais ou profesionais incluídas no anexo II da Orde HAC/1164/2019, do 22 de novembro, e estean acollidos ao réxime especial simplificado, para efectos do cálculo da cota anual do citado réxime especial, poderán reducir nun 20 por cento o importe das cotas devindicadas por operacións correntes correspondentes a tales actividades nese ano.

Non obstante, a dita redución será do 35 por cento para as seguintes actividades:

I.A.E.	Actividade económica
653.2	Comercio ao retallo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como mobles de cociña.
653.4 e 5	Comercio ao retallo de materiais de construción, artigos e mobiliario de saneamento, portas, ventás, persianas, etc.
654.2	Comercio ao retallo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.
654.5	Comercio ao retallo de toda clase de maquinaria (excepto aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos).
654.6	Comercio ao retallo de cubertas, bandas ou bandaxes e cámaras de aire para toda clase de vehículos.
659.3	Comerciantes retallistas matriculados na epígrafe 659.3 polo servizo de recollida de negativos e outro material fotográfico impresionado para o seu procesamento en laboratorio de terceiros e a entrega das correspondentes copias e ampliacións.
663.1	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente dedicado exclusivamente á comercialización de masas fritas, con ou sen coberturas ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparación de chocolate e bebidas refrescantes, e facultado para a elaboración dos produtos propios de churraría e patacas fritas na propia instalación ou vehículo.
671.4	Restaurantes de dous garfos.
671.5	Restaurantes dun garfo.
672.1, 2 e 3	Cafetaría.

I.A.E.	Actividade económica
673.1	Cafés e bares de categoría especial.
673.2	Outros cafés e bares.
675	Servizos en quioscos, postos, barracas ou outros locais análogos.
676	Servizos en chocolatarías, xeadarías e orchararías.
681	Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis dunha ou dúas estrelas.
682	Servizo de hospedaxe en hostais e pensións.
683	Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes.
721.1 e 3	Transporte urbano colectivo e de viaxeiros por estrada.

5. Os empresarios e profesionais referidos no número 4 anterior poderán reducir nun 20 ou 35 por cento as porcentaxes sinaladas no número 3 das Instrucións para a aplicación dos índices e módulos no imposto sobre o valor engadido do anexo II da Orde HAC/1155/2020, do 25 de novembro, para o cálculo do ingreso á conta correspondente á primeira cota trimestral do exercicio 2021.

Artigo 10. Redución do número de períodos impositivos afectados pola renuncia ao método de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente aos exercicios 2020 e 2021.

1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que desenvolvan actividades económicas cuxo rendemento neto se determine conforme o método de estimación directa por ter renunciado para o exercicio 2020 ao método de estimación obxectiva na forma prevista na letra b) do número 1 do artigo 33 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, ou no momento de presentaren a declaración censual en caso de inicio da actividade a partir do 1 de abril de 2020, poderán volver determinar o rendemento neto da súa actividade económica conforme o método de estimación obxectiva no exercicio 2021 ou 2022, sempre que cumpran os requisitos para a súa aplicación e revoguen a renuncia ao método de estimación obxectiva no prazo previsto na letra a) do número 1 do artigo 33 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, ou mediante a presentación en prazo da declaración correspondente ao pagamento fraccionado do primeiro trimestre do exercicio 2021 ou 2022, segundo corresponda, na forma disposta para o método de estimación obxectiva.

2. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que desenvolvan actividades económicas cuxo rendemento neto se determine conforme o método de estimación obxectiva e renuncien á súa aplicación para o exercicio 2021, nas formas previstas no número 1 do artigo 33 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, poderán volver determinar o rendemento neto da súa actividade económica conforme o método de estimación obxectiva no exercicio 2022, sempre que cumpran os requisitos para a súa aplicación e revoguen a renuncia ao método de estimación obxectiva no prazo previsto na letra a) do número 1 do artigo 33 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas ou mediante a presentación en prazo da declaración correspondente ao pagamento fraccionado do primeiro trimestre do exercicio 2022 na forma disposta para o método de estimación obxectiva.

3. A renuncia ao método de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas e a posterior revogación prevista nos parágrafos anteriores terá os mesmos efectos respecto dos réximes especiais establecidos no imposto sobre o valor engadido ou no imposto xeral indirecto canario.

Artigo 11. *Incidencia dos estados de alarma decretados en 2020 na determinación do rendemento anual conforme o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e no cálculo da cota devindicada por operacións correntes do réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido no dito período.*

1. Para os efectos previstos no número 7 das Instrucións para a aplicación dos signos, índices ou módulos no imposto sobre a renda das persoas físicas e os números 8 e 9 das Instrucións para a aplicación dos índices e módulos no imposto sobre o valor engadido do anexo II da Orde HAC/1164/2019, do 22 de novembro, non se computará, en ningún caso, como período en que se exerce a actividade, os días en que estivo declarado o estado de alarma no primeiro semestre de 2020, así como os días do segundo semestre de 2020 en que, estando declarado ou non o estado de alarma, o exercicio efectivo da actividade económica se vise suspendido como consecuencia das medidas adoptadas pola autoridade competente para corrixir a evolución da situación epidemiolóxica derivada do SARS-CoV-2.

En particular, para a cuantificación dos módulos «persoal asalariado», «persoal non asalariado» e «persoal empregado», de ser o caso, non se computarán como horas traballadas as correspondentes aos días a que se refire o parágrafo anterior e para a cuantificación dos módulos «distancia percorrida» e «consumo de enerxía eléctrica» non se computarán os quilómetros percorridos nin os quilowatts/hora que proporcionalmente correspondan aos días a que se refire o primeiro parágrafo.

2. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que desenvolvan actividades económicas incluídas no anexo II da Orde HAC/1164/2019, do 22 de novembro, e determinen o rendemento neto daquelas polo método de estimación obxectiva, para o cálculo da cantidade que cómpre ingresar do pagamento fraccionado en función dos datos-base a que se refire a letra b) do número 1 do artigo 110 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente ao cuarto trimestre de 2020, non computarán como días de exercicio da actividade, en ningún caso, os días naturais en que o exercicio efectivo da actividade económica se vise suspendido como consecuencia das medidas adoptadas pola autoridade competente para corrixir a evolución da situación epidemiolóxica derivada do SARS-CoV-2.

Artigo 12. *Prazos de renuncias e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especiais simplificado e da agricultura, ganderaría e pesca do imposto sobre o valor engadido, para o ano 2021.*

1. O prazo de renuncias a que se refiren os artigos 33.1.a) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o artigo 33.2, parágrafo segundo, do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, así como a revogación delas, que deben producir efectos para o ano 2021, será desde o día seguinte ao da data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste real decreto lei ata o 31 de xaneiro de 2021.

2. As renuncias e revogacións presentadas, para o ano 2021, aos réximes especiais simplificado e da agricultura, ganderaría e pesca do imposto sobre o valor engadido ou ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, durante o mes de decembro de 2020, con anterioridade ao inicio do prazo previsto no número 1 anterior, entenderanse presentadas en período hábil.

Non obstante, os suxeitos pasivos afectados polo disposto no parágrafo anterior poderán modificar a súa opción no prazo previsto no número 1 anterior.

Artigo 13. *Incentivo fiscal para fomentar a rebaixa da renda arrendaticia.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2021 engádese unha disposición adicional cuadraxésimo novena na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuadraxésimo novena. *Gastos deducibles dos rendementos do capital inmobiliario correspondentes a alugueiros de locais a determinados empresarios durante o período impositivo 2021.*

Os arrendadores distintos dos previstos no número 1 do artigo 1 do Real decreto lei 35/2020, do 22 de decembro, de medidas urxentes de apoio ao sector turístico, á hostalaría e ao comercio e en materia tributaria, que subscribisen un contrato de arrendamento para uso distinto do de vivenda, de conformidade co previsto no artigo 3 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, ou de industria, cun arrendatario que destine o inmovible ao desenvolvemento dunha actividade económica clasificada na división 6 ou nos grupos 755, 969, 972 e 973 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas aprobadas polo Real decreto lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, poderán computar en 2021, para o cálculo do rendimento do capital inmobiliario como gasto deducible, a contía da rebaixa na renda arrendaticia que voluntariamente acordasen a partir de 14 de marzo de 2020, correspondentes ás mensualidades devindicadas nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2021.

O arrendador deberá informar separadamente na súa declaración do imposto do importe do gasto deducible a que se refire o parágrafo anterior por este incentivo, e consignar, así mesmo, o número de identificación fiscal do arrendatario cuxa renda se rebaixase.

Non será aplicable o establecido nesta disposición cando a rebaixa na renda arrendaticia sexa compensada con posterioridade polo arrendatario mediante incrementos nas rendas posteriores ou outras prestacións ou cando os arrendatarios sexan unha persoa ou entidade vinculada co arrendador no sentido do artigo 18 da Lei do imposto sobre sociedades, ou estean unidos con aquel por vínculos de parentesco, incluído o cónxuxe, en liña directa ou colateral, consanguínea ou por afinidade ata o segundo grao inclusive.»

Artigo 14. *Deducibilidade de perdas por deterioración dos créditos derivadas das posibles insolvencias de debedores en empresas de reducida dimensión nos períodos impositivos que se inicien en 2020 e 2021.*

Os contribuíntes do imposto sobre sociedades, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes que obteñan rendas mediante establecemento permanente situado en territorio español que cumpran as condicións do artigo 101 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, nos períodos impositivos que se inicien no ano 2020 e no ano 2021 poderán deducir, nos ditos períodos, as perdas por deterioración dos créditos derivadas das posibles insolvencias de debedores cando no momento da devindicación do imposto o prazo que transcorrese desde o vencemento da obrigación a que se refire a letra a) do número 1 do artigo 13 da dita lei sexa de tres meses.

Artigo 15. *Redución do prazo para que as cantidades debidas polos arrendatarios teñan a consideración de saldo de dubidoso cobramento.*

O prazo de seis meses a que se refire o número 2.º da letra e) do artigo 13 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas quedará reducido a tres meses nos exercicios 2020 e 2021.

Poderá modificarse regulamentariamente o prazo previsto neste artigo.

CAPÍTULO IV

Flexibilización dos requisitos para o mantemento dos incentivos rexionais

Artigo 16. *Flexibilización dos requisitos relativos ao cómputo de fondos propios para o mantemento dos incentivos rexionais.*

Para os efectos da obrigaçión de contar cun nivel mínimo de fondos propios fixado na resolución individual de concesión, de acordo co establecido no artigo 8.b) do Real decreto 899/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais para a corrección de desequilibrios económicos interterritoriais, e en relación coas persoas solicitantes que fosen declaradas beneficiarios dos incentivos rexionais con anterioridade á declaración do estado de alarma polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non se tomarán en consideración as perdas dos exercicios 2020 e 2021.

Artigo 17. *Habilitación para a suspensión da execución dos proxectos.*

1. As empresas beneficiarias dos incentivos rexionais poderán solicitar a modificación dos prazos ou calendario de cumprimento de condicións para a execución do proxecto e para o cumprimento das condicións particulares da concesión nos termos previstos no artigo 31.1.d) do Real decreto 899/2007, do 6 de xullo de 2007, polo que se aproba o Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro.

2. A solicitude deberá realizarse antes do vencemento dos prazos cuxa modificación se solicita, pero non será necesario que se realice polo menos dous (2) meses antes do seu vencemento.

Artigo 18. *Cumprimento das condicións de mantemento do emprego e do investimento nas concesións de incentivos rexionais.*

1. Para os efectos de acreditar o cumprimento da condición de mantemento do emprego recollida nas resolucións individuais de concesión de incentivos rexionais, computaranse aquelas persoas traballadoras que manteñen a súa relación coa empresa pero que se encontran en situación de cesamento temporal en virtude de expedientes de regulación tramitados polas causas legalmente previstas e recoñecidas pola Administración, sempre que, unha vez terminada a situación que motivou o cesamento temporal, se restitúa o emprego preexistente durante o tempo legalmente establecido pola normativa laboral aplicable.

2. Para os efectos de acreditar o cumprimento da condición de mantemento do investimento en condicións normais de funcionamento, recollida nas resolucións individuais de concesión de incentivos rexionais, consideraranse condicións normais de funcionamento o cesamento temporal da actividade xustificado por circunstancias excepcionais sempre que os activos do investimento subvencionado se manteñan en condicións de funcionar, o emprego se manteña a un nivel compatible co desenvolvemento da actividade, e esta se reinicie efectivamente tan pronto como desaparezan as circunstancias excepcionais que motivaron o seu cesamento temporal.

Disposición adicional primeira. *Arrendamentos das entidades ás cales se refire o artigo 22.1 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.*

As medidas extraordinarias recollidas no capítulo I deste real decreto lei non serán de aplicación ás persoas arrendatarias das entidades a que se refire o artigo 22.1 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, que se rexerán nesta materia polo disposto no artigo 10 do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica.

Malia o anterior, establécese que as persoas arrendatarias desas entidades do mencionado artigo 22.1 poderán solicitar a aplicación das medidas recollidas no artigo 10 do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición adicional segunda. *Réxime transitorio das zonas de grande afluencia turística para 2021, reguladas na Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais.*

Durante o exercicio 2021, en relación coas declaracións de zonas de grande afluencia turística que deban declararse ou revisarse para efectos de comprobar o cumprimento ou mantemento das circunstancias que xustificaron a súa declaración, en aplicación do disposto no artigo 5.5 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, e das distintas normas autonómicas ditadas no seu desenvolvemento, non se considerarán os datos de habitantes, pernoitas e pasaxeiros de cruceiros do ano 2020. No seu lugar, aplicarase a media dos tres anos anteriores, de 2017 a 2019 incluído.

Disposición adicional terceira. *Medidas de apoio á prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos descontinuos nos sectores de turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística.*

1. As empresas, excluídas as pertencentes ao sector público, dedicadas a actividades encadradas nos sectores de turismo, así como as de comercio e hostalaría, sempre que se encontren vinculadas ao dito sector do turismo, que xeren actividade produtiva nos meses de abril a outubro de 2021, e que inicien ou manteñan en alta durante os ditos meses a ocupación dos traballadores con contratos de carácter fixo descontinuo, poderán aplicar unha bonificación neses meses do 50 por cento das cotas empresariais á Seguridade Social por contingencias comúns, así como polos conceptos de recadación conxunta de desemprego, Fogasa e formación profesional das ditas persoas traballadoras.

O anterior enténdese sen prexuízo das medidas que coa mesma finalidade e por outros períodos se poidan establecer na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2021.

2. Estas bonificacións serán compatibles coas exencións de cotas empresariais á Seguridade Social que poidan corresponder. O importe resultante de aplicar as exencións e estas bonificacións non poderá superar, en ningún caso, o 100 por 100 da cota empresarial que correspondese ingresar.

Disposición adicional cuarta. *Supresión durante o ano 2021 dos requisitos mínimos de actividade para o mantemento no Censo de activos dos profesionais taurinos e para a inclusión no réxime xeral da Seguridade Social dos artistas en espectáculos públicos durante os períodos de inactividade.*

1. Os artistas en espectáculos públicos que nalgún momento do ano 2020 estivesen en alta no réxime xeral da Seguridade Social pola dita actividade, ou en situación de inactividade a que se refire o artigo 249 ter do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, poderán solicitar durante o exercicio 2021 a súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social durante os seus períodos de inactividade sen necesidade de acreditar o cumprimento dos requisitos previstos no dito artigo.

2. Para efectos da actualización do Censo de activos de profesionais taurinos durante o exercicio 2021, exímense os profesionais taurinos de acreditar o cumprimento do requisito de teren participado nun número mínimo de espectáculos durante a temporada taurina correspondente ao ano 2020, conforme o previsto no artigo 11, número 3.1, da Orde do 20 de xullo de 1987 pola que se desenvolve o Real decreto 2621/1986, do 24 de decembro, que procede á integración de diversos réximes especiais en materia de campo de aplicación, inscrición de empresas, afiliación, altas e baixas, cotización e recadación.

Como consecuencia do anterior, con efectos do 1 de xaneiro de 2021, considéranse en situación de alta no Censo de activos de profesionais taurinos todos os profesionais

taurinos que o estivesen con data do 31 de decembro de 2019, así como aqueles que ingresasen no dito censo ao longo de 2020.

Disposición adicional quinta. *Medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural.*

1. Outórgase un novo prazo para a presentación de solicitudes para o subsidio especial por desemprego regulado no artigo 1 do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, polo que se aproban medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural, que se poderán presentar durante o prazo dun mes a partir do día seguinte ao da data de entrada en vigor deste real decreto lei. As solicitudes presentadas pasado o dito prazo serán denegadas.

2. A solicitude deste subsidio implicará a subscripción do compromiso de actividade a que se refire o artigo 300 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Disposición adicional sexta. *Declaración de interese xeral das infraestruturas para a seguridade do Estado incluídas en plans aprobados polo Consello de Ministros.*

As obras para a construción, reforma, mellora, ampliación ou rehabilitación das infraestruturas, instalacións e equipamentos que se encontren incluídas nos plans de infraestruturas para a seguridade do Estado e dos centros de internamento de estranxeiros aprobados mediante acordos do Consello de Ministros terán, para todos os efectos previstos nas leis, a consideración de obras de interese xeral.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio para actos promovidos pola Administración xeral do Estado suxeitos a intervención municipal previa e que cumpran os requisitos para a tramitación de emerxencia no ámbito do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro.*

A disposición derradeira segunda será de aplicación aos proxectos ou actuacións que se encontren, no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, pendentes da tramitación previa á recepción prevista no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Nestes supostos, entenderase excepcionalmente iniciado o procedemento previsto no número 1 da disposición adicional décima do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, coa declaración de emerxencia adoptada polo órgano competente. Así mesmo, as actuacións previstas nos parágrafos a) e b) do número 4 desa mesma disposición adicional poderanse solicitar nun mesmo trámite. No caso de que o concello ou, de ser o caso, a comunidade autónoma non se pronuncien no prazo establecido, poderanse proseguir as actuacións.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2020 e vixencia indefinida modifícase a letra a) no número 3 do artigo 42 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«a) As entregas a empregados de produtos a prezos rebaixados que se realicen en cantinas ou comedores de empresa ou economatos de carácter social. Terán a consideración de entrega de produtos a prezos rebaixados que se realicen en comedores de empresa as fórmulas indirectas de prestación do servizo cuxa contía non supere a cantidade que regulamentariamente se determine, con

independencia de que o servizo se preste no propio local do establecemento de hostalaría ou fóra deste, logo de recollida polo empregado ou mediante a súa entrega no seu centro de traballo ou no lugar elixido por aquel para desenvolver o seu traballo nos días en que este se realice a distancia ou mediante teletraballo.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro.*

Engádesse un novo número 4 á disposición adicional décima, coa seguinte redacción:

«4. Cando os actos a que se refire o número 1 cumpran os requisitos que xustifican a tramitación de emerxencia regulada polo artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o ministro ou a ministra competentes por razón da materia poderán declarar a dita situación de emerxencia conxuntamente na mesma orde ministerial pola cal se declara a urxencia ou excepcional interese público; en tal caso, reduciranse os prazos previstos no citado punto da seguinte forma:

a) 5 días naturais, tras a notificación ao Concello para que este notifique, pola súa vez, a conformidade ou desconformidade do proxecto de que se trate coa ordenación urbanística en vigor. No caso de que o Concello non se pronuncie no tempo indicado, continuarase co procedemento establecido.

b) 5 días naturais para a emisión do informe do órgano competente da comunidade autónoma, contados tamén desde a oportuna notificación. No caso de que a comunidade autónoma non se pronuncie no tempo indicado, continuarase co procedemento establecido.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

Un. Engádesse unha disposición adicional, a trixésimo primeira, nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo primeira. *Devolución de cotas en supostos de variación de datos de empresas e traballadores.*

Cando se solicite fóra de prazo regulamentario unha variación dos datos achegados con anterioridade ou unha corrección destes, tanto de empresarios como de traballadores, e proceda a devolución das cotas ingresadas, unicamente se terá dereito ao reintegro do importe que corresponda ás tres mensualidades anteriores á data da solicitude.»

Dous. Modifícase a disposición transitoria décimo sexta, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria décimo sexta. *Bases e tipos de cotización e acción protectora no Sistema especial para empregados de fogar.*

1. Sen prexuízo do establecido na sección segunda do capítulo II do título II desta lei, a cotización á Seguridade Social no Sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social efectuarase conforme as seguintes regras:

a) Cálculo das bases de cotización:

1.º As bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaranse conforme a escala, en función da retribución percibida polos empregados de fogar, prevista anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

2.º Ata o ano 2022, as retribucións mensuais e as bases de cotización da escala actualizaranse en idéntica proporción ao incremento que experimente o salario mínimo interprofesional.

3.º A partir do ano 2023, as bases de cotización por contingencias comúns e profesionais determinaranse conforme o establecido no artigo 147 desta lei, sen que a cotización poida ser inferior á base mínima que se estableza legalmente.

b) Tipos de cotización aplicables:

1.º Para a cotización por contingencias comúns, sobre a base de cotización que corresponda segundo o indicado na letra a) aplicarase, a partir do 1 de xaneiro de 2019, o tipo de cotización e a súa distribución entre empregador e empregado que se estableza con carácter xeral, na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado, para o réxime xeral da Seguridade Social.

2.º Para a cotización por contingencias profesionais, sobre a base de cotización que corresponda segundo o indicado na letra a) aplicarase o tipo de cotización previsto na tarifa de primas establecidas legalmente, e a cota resultante será por conta exclusiva do empregador.

2. Desde o ano 2012 ata o ano 2022, para efectos de determinar o coeficiente de parcialidade a que se refire a regra a) do artigo 247, aplicable ao Sistema especial para empregados de fogar, as horas efectivamente traballadas nel determinaranse en función das bases de cotización a que se refiren os ordinais 1.º e 2.º do número 1.a) desta disposición, divididas polo importe fixado para a base mínima horaria do réxime xeral pola Lei de orzamentos xerais do Estado para cada un dos ditos exercicios.

3. O previsto no artigo 251.a) será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012.

4. Desde o ano 2012 ata o ano 2022, para o cálculo da base reguladora das pensións de incapacidade permanente derivada de contingencias comúns e de xubilación causadas no dito período polos empregados de fogar respecto dos períodos cotizados neste sistema especial só se terán en conta os períodos realmente cotizados e non resultará de aplicación o previsto nos artigos 197.4 e 209.1.b).»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019.*

Modifícase o número 2 do artigo 11 do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019, que queda redactado da seguinte maneira:

«Estas axudas irán destinadas a sufragar os gastos que a continuación se relacionan, realizados polas salas de exhibición cinematográfica no ano 2020 e ata o 31 de maio de 2021, derivados da crise do COVID-19:

a) Gastos incidentais xerados como consecuencia das medidas sanitarias adoptadas. Entre outros, implementación dun plan de prevención de riscos para persoas traballadoras e público, desinfección, compra de material –máscaras, luvas, xabón desinfectante, anteparos– ou sinalética específica, entre outros elementos e accións necesarias para a protección e seguridade das persoas.

b) Campañas orientadas á reapertura e volta do público aos cines.

c) Actuacións que permitan aumentar a programación de campañas escolares.

d) Espazo publicitario para promoción e tráiler de cine español nas salas, así como de campañas institucionais.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.*

Modifícase o artigo 29 do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital, que pasa a estar redactado da seguinte forma:

«Artigo 29. *Mecanismos de colaboración con outras administracións*

1. Co fin de intensificar as relacións de cooperación, mellorar a eficiencia da xestión da prestación non contributiva de ingreso mínimo vital, así como facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, mediante a asistencia recíproca e o intercambio de información, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións ou, de ser o caso, a Administración da Seguridade Social poderán subscribir os oportunos convenios, ou acordos, ou calquera outro instrumento de colaboración con outros órganos da Administración xeral do Estado, das administracións das comunidades autónomas e das entidades locais.

2. As comunidades autónomas poderán remitir ao Instituto Nacional da Seguridade Social e este poderá recoñecer a prestación de ingreso mínimo vital ás persoas interesadas que outorguen o seu consentimento á comunidade autónoma do seu domicilio para que, coa dita finalidade e a través dos protocolos telemáticos de intercambio de información habilitados para o efecto, remita os datos necesarios para a identificación das ditas persoas e a instrución do procedemento, así como un certificado emitido pola mencionada comunidade autónoma que será suficiente para que a entidade xestora considere solicitadas as prestacións por parte das persoas interesadas na data da súa recepción pola entidade xestora.

O mencionado certificado será acreditativo da constitución, de ser o caso, dunha unidade de convivencia conforme establece o artigo 6 e do cumprimento dos requisitos a que se refiren os artigos 4, 5 e o artigo 7 deste real decreto lei; así como de que se encontra no seu poder toda a documentación que probe o cumprimento dos ditos requisitos, coa excepción da vulnerabilidade económica a que se refire o artigo 8 deste real decreto lei, que será analizada polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

Así mesmo, o mencionado certificado será suficiente para que a entidade xestora considere cumpridos os requisitos indicados nos parágrafos anteriores no momento en que a comunidade autónoma o certifique, sen prexuízo da obrigaçión das comunidades autónomas de remitir ao referido instituto toda a documentación no prazo máximo de seis meses contados desde a data da resolución da prestación ou, de ser o caso, dentro dos dez días seguintes ao da solicitude, para tal efecto, cando sexa necesaria para a resolución de calquera reclamación.

O dereito á prestación do ingreso mínimo vital nacerá a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data de presentación do certificado.

Os expedientes resoltos polo Instituto Nacional da Seguridade Social comunicaránselles ás comunidades autónomas a través dos protocolos informáticos establecidos.

Se, en virtude do certificado emitido pola correspondente comunidade autónoma, se recoñecese unha prestación que posteriormente fose declarada indebida e non for posible recuperar o importe aboado, os prexuízos ocasionados serán por conta da comunidade autónoma certificadora.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, polo que se aproban medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural.*

Modifícase o número 4 do artigo 1, que queda redactado como segue:

«4. A xestión do subsidio especial corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal ou, de ser o caso, ao Instituto Social da Mariña, como entidades xestoras das funcións e servizos derivados das prestacións de protección por desemprego.»

Disposición derradeira sétima. *Tipo impositivo aplicable do imposto sobre o valor engadido ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de determinados bens e prestacións de servizos necesarios para combater os efectos do SARS-CoV-2 así como para efectos do réxime especial da recarga de equivalencia.*

1. Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia ata o 31 de decembro de 2022, aplicarase o tipo do 0 por cento do imposto sobre o valor engadido:

a) Ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* do SARS-CoV-2 que sexan conformes cos requisitos establecidos na Directiva 98/79/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de outubro de 1998, sobre produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro*, ou no Regulamento (UE) 2017/746 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2017, sobre os produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* e polo que se derrogan a Directiva 98/79/CE e a Decisión 2010/227/UE da Comisión, e o Real decreto 1662/2000, do 29 de setembro, sobre produtos sanitarios para diagnósticos «*in vitro*».

b) Ás entregas de vacinas contra o SARS-CoV-2 autorizadas pola Comisión Europea.

c) Ás prestacións de servizos de transporte, almacenamento e distribución relacionados coas entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias, previstas nas letras a) e b) anteriores.

Estas operacións documentaranse en factura como operacións exentas.

2. O tipo do recarga de equivalencia aplicable, durante o ámbito temporal mencionado no punto anterior, ás entregas dos bens citados no dito punto será o 0 por cento.

Disposición derradeira oitava. *Desenvolvemento regulamentario e execución.*

Habíltanse o Goberno e as persoas titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira novena. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas atribuídas ao Estado en materia de regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas; lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral e débeda do Estado, e lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas, establecidas nos artigos 149.1.1.^a, 7.^a, 8.^a, 13.^a, 14.^a e 17.^a, respectivamente, da Constitución, así como ao abeiro do disposto no artigo 149.2 da Constitución española, que dispón que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as

comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de decembro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN